

A N E X O IX

CERTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA OU DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 2/2022"

Adrián J. Márquez Caramés, secretario do Concello de Betanzos,

De acordo co disposto no na Base 5.B.2.4 das Reguladoras do Plan, **C E R T I F I C A :**

Que a Alcaldía deste concello, no día 30/09/2022, ditou a a seguinte Resolución:

1.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto/prego que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 2/2022 cos datos que se indican:

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	Proxecto básico e de execución dun circuito de calistenia no Parque Pablo Iglesias
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO	39.679,34 €

2.- Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto/prego indicado está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación:

- Dificultaría a correcta execución do investimento dende o punto de vista técnico.
- Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións.
- Coa división en lotes do obxecto do contrato perderíase a optimización do control da execución global do contrato.
- Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a coordinación da execución das prestacións.
- Coa división en lotes do obxecto do contrato increméntanse os costes da execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes.
- Coa división en lotes do obxecto do contrato incorpóranse diferentes empresas na execución da obra, coincidindo no tempo cas distintas empresas que van executar os diferentes lotes e polo tanto aumenta o risco de accidentes debido a unha maior concorrencia

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía, en Betanzos a trinta de setembro de dous mil vintedous

Vº e Pr.
A alcaldesa
María Barral Varela